

caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2. As Ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 95% da cuota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros.

A regulación dos restantes aspectos sustantivos e formais da bonificación a que se refire o párrafo anterior se establecerá na Ordenanza fiscal.

3. As Ordenanzas fiscais poderán regular como deducción da cuota íntegra ou bonificada do imposto, o importe satisfeito ou que se deba a satisfacer o suxeito pasivo en concepto de taxa polo otorgamento da licenza urbanística correspondente a construción, instalación ou obra de que se trate.

A regulación dos restantes aspectos sustantivos e formais da deducción a que se refire o parágrafo anterior se establecerá na Ordenanza fiscal.

4. Os Concellos poderán esixir este imposto en réximen de autoliquidación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO

Facendo uso das atribucións que concede o artigo 106 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e de conformidade cos artigos 28 e 37 do RDL 2/2004, o Concello de Pontearreas acorda a regulación de Contribucións especiais por obras e servizos municipais conforme á presente ordenanza.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible das Contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou incremento de valor dos seus bens como consecuencia da realización das obras ou do establecemento ou ampliación de servizos municipais.
2. Procederá a imposición de Contribucións especiais pola mera realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos, independentemente da utilización dunhas e outros por parte do suxeito pasivo.

ARTIGO 3

1. Aos efectos do disposto no artigo anterior, terán a consideración de obras e servizos municipais:
 - a) Os que realice o Concello no ámbito das súas competencias para cumprir os fins que lle estean atribuídos, agás daqueles que realicen como titulares dos seus bens patrimoniais.
 - b) Os que realice o Concello por terlle sido atribuídos ou delegados por outras entidades públicas e aqueles dos que teña asumido a súa titularidade de acordo coa lei.
 - c) Os que realicen outras entidades públicas ou os concesionarios das mesmas, con contribucións económicas do Concello.
2. Non perderán a consideración de obras ou servizos locais os comprendidos na letra a) do apartado anterior, aínda que sexan realizados por Organismos Autónomos ou Sociedades Mercantís nos que o capital social pertenza integramente ao Concello, por concesionarios con contribucións do Concello por asociacións de contribuíntes.
3. As cantidades recadadas por Contribucións especiais só poderán destinarse a sufraga-los gastos de obra ou servizo que lles servise de fundamento.

4. ARTIGO 4

O Concello poderá acordar a imposición e ordenación de Contribucións especiais, cumpridas as circunstancias conformadoras do feito imponible previstas no artigo 2.1 desta Ordenanza.

ARTIGO 5.—EXENCIONES E BONIFICACIONES

1. Non se recoñecerán en materia de Contribucións especiais outros beneficios fiscais que os que veñan establecidos por disposicións con rango de lei ou por tratados ou convenios internacionais.
2. Quen nos casos a que se refire o apartado anterior se considerasen con dereito a un beneficio fiscal, o fará constar así ante o Concello con expresa mención do precepto en que consideren amparado o seu dereito.
3. Cando se recoñezan beneficios fiscais nas Contribucións especiais municipais, as cotas que puidesen corresponder ós beneficiarios ou, no seu caso, o importe das bonificacións, non poderán ser obxecto de distribucións entre os demais suxeitos pasivos.

ARTIGO 6.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos das Contribucións especiais as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, especialmente beneficiadas pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación dos Servizos locais que orixinen a obriga de contribuír.
2. Considérase persoas especialmente beneficiadas:
 - a) Nas Contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos que afecten a bens inmobles, os propietarios dos mesmos.
 - a) Nas Contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou entidades titulares destas.
 - b) Nas Contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos Servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios de bens afectados, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo, no termo deste Concello.
 - c) Nas Contribucións especiais por construción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilizalas.

ARTIGO 7

1. Sen prexuízo, no seu caso, do disposto no apartado 3 do artigo 12 da presente Ordenanza, as Contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da propiedade como propietarios dos bens inmobles, ou no Rexistro Mercantil, ou na Matrícula do Imposto sobre actividades económicas como titulares das explotacións, ou negocios afectados polas obras ou servizos, na data de terminación daquelas ou na de comezo de prestación destes.
2. No caso de réxime de propiedade horizontal, a representación da Comunidade de Proprietarios facilitará á Administración o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na Comunidade a fin de proceder ó xiro de cotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado que se xire unha única cota que distribuirá a propia Comunidade.

ARTIGO 8.—BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible das Contribucións especiais determinarase en función do custo total presupostado das obras e dos servizos que establezan, amplíen ou melloren, sen que o importe das Contribucións, poidan exceder, en ningún caso, do 90% do custo da obra que o Concello

- soporte, entendendo por tal a diferenza entre o custo total das obras ou servizos, e as subvencións que obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.
2. O custo da obra ou do servizo estará integrado polos seguintes conceptos:
 - a) O custo real dos traballos periciais, de reacción de proxectos, plans e programas técnicos, ou o seu valor estimado, cando non haxa lugar a remuneración.
 - b) O importe das obras a realizar ou dos servizos que se establezan, amplíen ou melloren.
 - c) O valor dos terreos que houbesen de ocupar permanentemente as obras ou servizos, agás que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ó Concello, ou o de inmobles cedidos nos termo establecidos no artigo 77 da Lei de Patrimonio do Estado.
 - d) As indemnizacións procedentes por derriba de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deben aboarse ós arrendatarios dos bens que teñan que ser derruídos ou ocupados.
 - e) O interese do capital investido nas obras ou servizos cando o Concello tivese que recorrer ó crédito para financia-la porción non cuberta por contribucións especiais ou a cuberta por estas, en caso de fraccionamento xeral das mesmas.
 3. O custo total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. Se o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel a efectos de cálculo das cotas correspondentes.
 4. Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 3.1.c) da presente Ordenanza ou as realizadas por concesionarios con contribucións do Concello a que se refire o artigo 3.2, a base imponible das Contribucións especiais determinarase en función do importe destas contribucións, sen prexuízo das que poidan impoñer outras Administracións Públicas por razón da mesma obra ou servizo.
 5. A efecto de determinar a base imponible, entenderase por custo soportado polo Concello a contía resultante de restar á cifra de custo total o importe das subvencións ou auxilio que o Concello obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada. Exceptúase o caso de que a persoa ou Entidade aportante de subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, caso no que se procederá a compensa-la cota da respectiva persoa ou entidade e, se houbese exceso, este reducirá a prorrata as cotas dos demais suxeitos pasivos.

ARTIGO 9

Nos acordos de imposición de Contribucións especiais, a Corporación determinará en cada caso a porcentaxe de custo que constitúa a base imponible segundo a natureza da obra ou servizo a realizar, a ponderación de importancia relativa do interese público e dos intereses particulares que concorren e a capacidade económica dos afectados, sempre dentro do límite máximo establecido no artigo 8 apartado 1.

ARTIGO 10

As porcentaxes de participación no custo total das obras que determina a Corporación serán reducidos nos casos e contías seguintes:

1. Cando se trate de obras de construción de beirarrúas, pavimentación, alumeado, rede de sumidoiros, ou calquera outra de natureza urbanística que beneficien a inmobles, e unha parte das mesmas fora colindante con terreos de uso público; as porcentaxes de participación no custo total de ditas obras que proceda aplicar, serán reducidas na proporción en que se atopen á lonxitude da liña de colindancia de tales terreos de uso público en relación coa total lonxitude dos terreos afectados polas obras.

Sen embargo, se unha parte ou a totalidade da superficie de ditos terreos de uso público estivese ocupada previamente en virtude de concesión, a redución só se aplicará pola parte que proporcionalmente corresponde a zonas libres de ocupación.

2. Nos casos en que as obras afectasen a inmobles ou fincas inedificables, ou suxeitos a expropiación, reduciranse nun 50% as cotas totais correspondentes á parte inedificable ou a expropiar.

ARTIGO 11.—COTA TRIBUTARIA

O importe total das contribucións especiais repartiranse entre as persoas beneficiadas, tendo en conta a clase e natureza das obras ou servizos, con suxeición ás seguintes regras:

- a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente como módulos de reparto, os metros lineais de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral a efectos do Imposto sobre bens inmobles. Prevalecerá como módulo o valor catastral se o acordo de imposición, non especificase outro.
- b) Se se trata do establecemento e ampliación do servizo de extinción de incendios, poderán sr distribuídas entre as Entidade ou Sociedades que cubran o risco por bens sitos no Municipio de imposición, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fose superior ó 5% do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.
- c) No caso das obras a que se refire o artigo 30.2 d) do RDL 2/2004, o importe total da Contribución especial será distribuído entre as compañías ou empresas que deban utilizalas en razón ó espazo reservado a cada unha en proporción á total sección das mesmas, aínda cando non as usen.

ARTIGO 12.—DEVENGO

1. A obriga de contribuír por contribucións especiais nace no momento en que as obras estean executadas ou o servizo comezase a prestarse. Se as obras fosen fraccionables, a obriga de contribuír para cada un dos contribuíntes nacerá no momento en que estivesen executadas as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das contribucións especiais, en función do importe do custo previsto para o ano seguinte. Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sen que estivesen executadas as obras correspondentes ó anticipo esixido.

3. O suxeito pasivo obrigado ó pago de contribucións especiais determinarase no momento en que nace a obriga de contribuír, aínda que no expediente de imposición figure como contribuínte o que o fose na data do acordo de aprobación e aínda que tivese anticipado o pago de cotas, de conformidade co parágrafo precedente. Cando a persoa que figura como suxeito pasivo no acordo concreto de imposición e tendo sido notificada deste, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación a dar conta á Administración da transmisión efectuada, dentro do prazo de un mes dende a data desta e, se non o fixese, dita Administración poderá dirixir a acción para o cobro, contra quen figuraba como suxeito pasivo en dito expediente.

4. Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras, ou iniciada a presentación do servizo, procederase a sinala-los suxeitos pasivos, base e cotas individualizadas definitivas, xirando as liquidacións que procedan e compensando como entrega a conta os pagos anticipados que se tivesen efectuado.

5. Se os pagos anticipados fosen efectuados por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data do devengo do tributo, ou ben excedesen da cota individual definitiva que elles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

ARTIGO 13.—ORDENACIÓN E XESTIÓN

1. A exacción de contribucións especiais precisará a previa adopción do acordo de imposición en cada caso concreto.



2. O acordo relativo á realización dunha obra ou o establecemento ou ampliación dun Servizo que deba costearse, mediante contribucións especiais non poderá executarse ata que se tivese aprobado a ordenación concreta destas.

3. O acordo de ordenación será de inescusable adopción e conterá determinación do custo previsto das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficios e dos criterios de reparto.

4. O departamento de Urbanismo ou Servizo responsable enviará á Administración de Tributos un proxecto completo de obra, incluído presuposto e, no caso de solicitarse, un estudio económico de imposición no que conste: as características das vías nas que se fagan as obras, ponderación da repercusión do beneficio que reportan ós inmobles colindantes fronte ó interese xeral, módulo de reparto que deba adoptarse e demais datos relativos ó custo da obra ou Servizo e plano da vía ou vías afectadas no que figurarán situados os inmobles suxeitos ás Contribucións especiais.

Os documentos do parágrafo precedente estarán a disposición da Administración de Tributos para que no prazo de un mes se confeccione o reparto das contribucións especiais, onde constará: referencia catastral, número de finca, nome da vía, nome e domicilio do suxeito pasivo, contía afectada do módulo que se adopte e cota individual de cada suxeito pasivo.

5. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de contribucións especiais, e determinadas as cotas a satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este ou o seu domicilio fosen coñecidos e, no seu defecto, por editos. Os interesados poderán formular recurso de reposición perante o Concello que poderán versar sobre a precedencia das contribucións especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

ARTIGO 14

1. O acordo de imposición de Contribucións especiais expoñeráse ó público durante 30 días mediante anuncio no Boletín da Provincia, para que nese prazo, os posibles afectados poidan solicitar a constitución das asociación administrativa de contribuíntes.

2. Para a constitución das asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o apartado anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen polo menos dous terzos das cotas que deban satisfacerse.

ARTIGO 15.—PRAZOS E FORMAS DE PAGO

O Concello ó tempo de aproba-lo expediente administrativo acordará, así mesmo, o número de prazos e período voluntario de pago, nos que haberán de facerse efectivas as cotas, esixindo as impagadas pola vía de constrinximento, unha vez rematados os períodos voluntarios de cobranza.

ARTIGO 16

Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte, o aprazamento da mesma nos terminos establecidos no Regulamento Xeral de Recaudación

INFRACCIÓN S TRIBUTARIAS

En materia de infraccións e sancións tributarias estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN S FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza, será de aplicación o RDL 2/2004.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

Ponteareas, a 10 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2013000406